

O grupo Neurocom comeza no Colexio Santa María del Mar o ciclo de 'Corto-Circuitos de Neurociencia'

02.10.2008

Expertos en neurociencia visitan dende mañá as aulas para A Coruña, 2 de outubro de 2008.- O grupo NeuroCom da Universidade da Coruña comeza mañá venres ás 13.45 no Colexio Santa María del Mar a segunda edición de "Corto-Circuitos de Neurociencia", unha actividade que leva aos científicos ás aulas de educación primaria para achegar a ciencia en xeral e a neurociencia en particular a rapaces de entre 9 e 10 anos. A Consellaría de Innovación e Industria apoia esta iniciativa a través de Diverciencia, a convocatoria de axudas coa que se fomentan actividades de divulgación científica e de achegamento da ciencia e da tecnoloxía aos cidadáns.

Os "Corto-circuitos de Neurociencia" celebraranse ata o 21 de novembro en diferentes colexios da Coruña. Están confirmadas as visitas aos colexios Rabadeira (10 de outubro), Liceo La Paz (17 de outubro), Eusebio da Guarda (24 de outubro), Concepción Arenal e Eirís (24 de outubro) e Hijas de Cristo Rey (14 de novembro). Os centros Isidro Parga Pondal, Compañía de María e Fogar de Santa Margarita fixarán proximamente as datas da actividade.

O responsable dos obradoiros é Javier Cudeiro e con el traballan Carmen de Labra, Jaime Vivas, Nelson Espinosa e Miguel da Silva, todos eles neurofisiólogos da Universidade da Coruña. A actividade pretende concienciar tanto aos rapaces e rapazas como ao profesorado dos centros de ensino da importancia da ciencia. O obradoiro comeza cunha charla aos mestres sobre a importancia de actualizar os coñecementos e estar ao tanto dos avances da investigación.

A través de xogos e experimentos, os científicos explican aos rapaces e rapazas o complexo sistema nervioso e o funcionamento do cerebro. As actividades dos obradoiros servirán para que os nenos e as nenas comprendan que o cerebro funciona como unha grande comunidade na que os membros son as células nerviosas, que traballan de forma conxunta e solidaria. Este contido divídese en cinco "estacións" temáticas diferentes: o cerebro e o sistema nervioso; a neurona e a transmisión da información; a medula espiñal e os reflexos; o corpo e os sentidos e qué fai un neurocientífico.